



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

APROBACIÓN DO PREZO PÚBLICO DAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria que tivo lugar o día 30 de agosto de 2024, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar o establecemento do prezo público para as escolas deportivas municipais do Concello de Muros, conforme ao seguinte:

1. Actividade municipal: Escolas deportivas municipais, a desenvolver en distintas localizacións e pavillóns do Concello.
2. Prezo público aplicable: 30,00 euros anuais por persoa participante e por escola deportiva.
3. O prazo para o pagamento das tarifas en período voluntario coincidirá co período de matrícula establecido nas correspondentes bases. A xestión do prezo público realizarase mediante o réxime de autoliquidación.

SEGUNDO. Proceder á publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia (BOP), así como no taboleiro de anuncios do Concello.

Muros, 30 de agosto de 2024
(asinado dixitalmente)

A alcaldesa,
María Lago Lestón